

RESOLUCIÓN DO 9 DE MARZO DE 2020, POLA QUE SE APROBA CONVOCATORIA DA 1º EDICIÓN DOS PREMIOS VALEDORA DO POBO AOS MELLORES TRABALLOS DE FIN DE GRAO (TFG) E TRABALLOS FIN DE MÁSTER (TFM) EN MATERIA DE IGUALDADE E DEREITOS DAS MULLERES.

A Valedoría do Pobo, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, acorda convocar a 1º edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores Traballos Fin de Grao (TGF) e Traballos Fin de Máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres, que se rexerá de acordo coas seguintes

BASES

1. Obxecto

Estas bases teñen como obxecto regular a concesión dos premios Valedora do Pobo aos mellores Traballos Fin de Grao (TGF) e Traballos Fin de Máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres

2. Requisitos

Os traballos presentados deben ser orixinais e deberán destacar polo seu elevado valor científico académico en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

Os ditos traballos non poden ter sido publicados, agás o disposto no parágrafo seguinte, nin premiados en calquera convocatoria ou concurso con anterioridade á data na que se de publicidade ao fallo do xurado. A estes efectos entenderase que un traballo foi publicado cando se atope reproducido de forma múltiple en calquera formato de impresión ou medio audiovisual, xa sexa con contraprestación económica ou de forma gratuíta.

Serán admitidos os traballos que foran publicados exclusivamente no repositorio institucional da Universidade correspondente, e de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación.

Os traballos deben ter sido lidos, defendidos e/ou xulgados, segundo proceda, ante un tribunal de calquera Universidade Galega durante os cursos académicos 2016-2020.

Os dereitos sobre os traballos presentados non poderán estar cedidos a terceiros con carácter de exclusividade.

3. Dotación

O xurado poderá conceder os seguintes premios:

- a) Premio ao mellor Traballo Fin de Grao (TGF): 1.000 € e diploma acreditativo.
- b) Premio ao mellor Traballo fin de Máster: 1.000 € e diploma acreditativo

Os premios aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 01.02.111B 480.00 da Institución do Valedor do Pobo para 2020, na que existe crédito axeitado e suficiente.

O pago dos premios estarán suxeitos ás retencións e ao réxime fiscal que lle sexa de aplicación. As persoas premiadas deberán acreditar estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda autonómica, estatal e coa Seguridade Social

4. Solicitudes

As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que figura como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo electrónico da Valedoría do Pobo www.valedordopobo.gal, da Universidade de Santiago de Compostela www.usc.es, Universidade da Coruña www.udc.es e da Universidade de Vigo www.uvigo.es, e no Rexistro da Valedoría do Pobo (rúa do Hórreo nº 65, 15.701 Santiago de Compostela - A Coruña) en horario de 9.00 a 14.00 e de 16.30 a 19.00 horas de luns a venres e nos rexistros das universidades asinantes. .

Coas solicitudes, presentárase a seguinte documentación:

- a) Traballos Fin de Grao (TGF) e Traballos Fin de Máster (TFM) en formato papel e en formato electrónico (cd ou pendrive en formato word, libreoffice ou latex)
- b) Síntese descritiva do traballo e consideracións que o autor/a estime oportunas, en formato papel e en formato electrónico, que no deberá sobrepasar a extensión máxima de cinco páxinas por unha cara e no seguinte formato: tamaño letra 11, espaciado 1.5.

- c) Certificado académico especificando o título do traballo, director/a do mesmo, cualificación obtida e, de se lo caso, data de lectura e tribunal que a xulgou.

5. Lugar e prazo de presentación

Os traballos, dirixidos á Valedora do Pobo, presentaranse no Rexistro da Valedoría do Pobo ou nos rexistros da Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña ou Universidade de Vigo ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No suposto de que non se presenten no Rexistro das entidades convocantes, deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación vía email (registro@valedordopobo.gal), na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo II.

As solicitudes presentaranse partir do día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e ata o 15 de outubro de 2020. As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no dito *Boletín* e na páxina web da Valedoría do Pobo e das universidades galegas.

Se a solicitude non reúne os datos ou os documentos esixidos, a persoa interesada disporá de 10 días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos. No caso de que non o fixere, será considerada desistida da súa petición.

Sen prexuízo do anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a valoración do traballo presentado.

As comunicacións realizaranse exclusivamente a través da dirección de correo electrónico proporcionada polos solicitantes.

6. Xurado.

O xurado estará composto polos seguintes membros:

- Presidencia: A Excma. Sra. Valedora do Pobo
- Vogais:
 - A adxunta á Valedora do Pobo

- O Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela ou a persoa na que delegue elixida pola súa traxectoria profesional e persoal en materia de igualdade.
 - O Reitor Magnífico da Universidade da Coruña ou a persoa na que delegue elixida pola súa traxectoria profesional e persoal en materia de igualdade.
 - O Reitor Magnífico da Universidade de Vigo ou a persoa na que delegue elixida pola súa traxectoria profesional e persoal en materia de igualdade.
 - A asesora da Valedoría do Pobo en materia de xénero.
- Secretaria : Secretario Xeral da Valedoría do Pobo.

Unha vez constituído o xurado, publicarase a relación nominal dos seus compoñentes na páxina web das institucións convocantes.

Para o non disposto nestas bases, serán de aplicación as normas contidas nos capítulos II, sección terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

7. Fallo

Unha vez valorados os Traballos Fin de Grao (TGF) e Traballos Fin de Máster (TFM) presentados, o Xurado emitirá o fallo no prazo máximo de seis meses contados a partir do día de finalización do prazo de presentación.

As decisións tomaranse por maioría, tendo a presidencia do xurado voto de calidade en caso de empate.

No caso de considerar que os traballos presentados non teñen a calidade suficiente, poderase declarar algún ou todos os premios desertos.

O fallo do xurado será inapelable, e publicarase no Diario Oficial de Galicia e nas páxinas web das entidades convocantes.

8. Aceptación das bases e autorización ás entidades convocantes dos premios para a publicación.

A participación en esta convocatoria supón a aceptación expresa das presentes bases, así como a autorización ás entidades convocantes dos premios para a publicación, por calquera medio, dos traballos premiados. A efectos da súa publicación, se poderá solicitar a adaptación do traballo ao habitual das publicacións institucionais.

As persoas premiadas, unha vez notificado o premio, deberán aportar no prazo de quince días, acreditación de estar ao corrente das súas obrigas coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

9. Revogación dos premios

O incumprimento das condicións que se houberan tido en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á súa revogación, así como ao reintegro das cantidades percibidas.

10. Datos de carácter persoal

As Institucións convocantes publicarán na súa páxina web oficial as distintas fases de tramitación do procedemento de concesión dos premios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas presentadas e da súa publicación na páxina web institucional.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na solicitude de participación na convocatoria, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Os/as solicitantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido á Valedoría do Pobo.

11. Facultades da Valedora do Pobo

Facúltase á Valedora do Pobo a ditar as resolucións necesarias para o axeitado desenvolvemento desta convocatoria.

Anexo I

Solicitud de participación na 1º edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores Traballos Fin de Grao (TGF) e Traballos Fin de Máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

Nome	Apelidos	
DNI	email:	Teléfono
Universidade na que se presentou o traballo:		
Data na que se presentou:	Nota obtida:	

Expón que desexa participar na 1º edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores Traballos Fin de Grao (TGF) e Traballos Fin de Máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

En a, de de 2020

(sinatura)

DOCUMENTOS QUE ACHEGA

- Traballo Fin de Grao (TGF) en formato electrónico (cd ou pen drive en word, libreoffice ou latex) titulado:
- Traballos Fin de Máster (TFM) en formato electrónico cd ou pen drive en word, libreoffice ou latex)) titulado:
- Síntese descritiva do traballo
- Certificado académico especificando o título do traballo, director/a do mesmo, data da súa lectura e cualificación obtida..

VALEDORA DO POBO

ANEXO II

MODELO DE COMUNICACIÓN DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

D./D^a, con DNI/NIF núm.,
endereço, C.P., localidade
....., provincia, teléfono
....., correo electrónico

Manifesta que presentou solicitude de participación na 1^o edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores Traballos Fin de Grao (TGF) e Traballos Fin de Máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres con data doen¹
....., de de 2020

(Sinatura da persoa interesada)

VALEDORA DO POBO

¹ Indicar o lugar de presentación de conformidade co disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas